



Concello de Vigo

Contratación

CONTRATACION POR PROCEDEMENTO ABERTO DA XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS DESPRAZAMENTOS DE ESCOLARES DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL DE COÑECEMENTO DA CIDADE "VIGO EDUCA"

- Entidade que adxudica:** organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Educación. Nº expediente: 18628-332.
- Obxecto do contrato:** xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade "VIGO EDUCA".
Lugar de execución: Vigo
Prazo de execución: 3 anos. Prórroga: Sí, unha prórroga dunha duración de nove meses e medio.
- Tramitación e procedemento.**
Tramitación: Ordinaria.
Procedemento: Aberto.
- Orzamento base:** 139.800,00 euros **IVE a soportar pola administración:** 13.980,00 euros..- **Orzamento total:** 153.780,00 euros
- Garantías esixidas. a)Provisional:** non se esixe. **b)Definitiva:** sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). **c)Complementaria:** non.
- Obtención da documentación e información:** www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.
Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.
- Requisitos específicos do contratista: a)Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira:** Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato e, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: grupo R (servizos de transporte), Subgrupo 1 (transporte en xeral), categoría 1. **b)Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional:** Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior á unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado,



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 05/05/2017 14:31

Páxina 1 de 2

Expediente 18628/332

Código de verificación: 23EE4-B3BBB-AC52D-A3422

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo Contratación

mediante unha declaración do empresario e, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: grupo R (servizos de transporte), Subgrupo 1 (transporte en xeral), categoría 1.

8. **Presentación de Ofertas:** Prazo: o prazo rematará ós 15 días seguintes ó da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG..

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei nº 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. **Apertura Ofertas técnica e económica:** entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. **Outras informacións:**

11. **Páxina web para obtención de información:** www.vigo.org

BBR/la

Vigo, 3 de maio de 2017.

O Concelleiro delegado de Contratación,
P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 05/05/2017 14:31

Páxina 2 de 2

Expediente 18628/332

Código de verificación: 23EE4-B3BBB-AC52D-A3422

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>